

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO MARCO  
DA INICIATIVA SMARTIAGO, RESOLUCIÓN DE RETOS DE SOSTIBILIDADE  
MEDIANTE CONTRATACIÓN PÚBLICA DE INNOVACIÓN**

En Santiago de Compostela, a 17 de xullo de 2018

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Martiño Noriega Sánchez, que actúa en nome e representación do Concello de Santiago de Compostela (en adiante CONCELLO), con CIF P1507900G, e sede no Pazo de Raxoi - Praza do Obradoiro 1, 15705 Santiago de Compostela, do que é alcalde en virtude das competencias que ten recoñecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 7 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC) con CIF Q1518001A, e sede en Pazo de San Xerome - Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, segundo o Decreto 57/2018, de 31 de maio (DOG de 5 de xuño) do seu nomeamento, que actúa en nome e representación desta institución, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001 de universidades, do 21 de decembro (BOE do 24/12/2001), e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro da Xunta de Galicia (DOG do 12/02/2014).

Todas as partes, que se recoñecen mutuamente capacidade xurídica e de obrar para obrigarse mediante o presente Convenio,

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Que a USC é unha institución pública dotada de personalidade xurídica propia, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia e a investigación, contribuíndo aos procesos de innovación e promovendo o desenvolvemento social, económico e empresarial nunha contorna sostible.

**SEGUNDO.-** Que o CONCELLO, como un dos motores do desenvolvemento económico e social, afronta cada vez máis desafíos derivados da súa sostibilidade o que levou a apostar pola innovación como fórmula para desenvolver o tecido económico e mellorar os servizos públicos e a calidade de vida da súa cidadanía.

**TERCEIRO.-** Que o CONCELLO asinou o 4 de decembro de 2017 un convenio co Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, dotado con 12,36M€, para o desenvolvemento da iniciativa SMARTIAGO, enfocada na resolución de retos de sostibilidade e mellora da eficiencia en prestación de servizos públicos a través da compra pública innovadora. En concreto:

- Recollida e tratamento de residuos, e limpeza viaria.
- Mobilidade.
- Iluminación pública e conservación patrimonial.

**CUARTO.-** Que no marco desta alianza a USC e o CONCELLO teñen interese en contribuír aos obxectivos do SMARTIAGO e especificamente naqueles relacionados coa mellora, a través da tecnoloxía, a innovación e dunha formulación sostible e mantida no tempo, das condicións de calidade de vida e cohesión social dos cidadáns nunha dimensión a medio-longo prazo.

**QUINTO.-** Que a USC e o CONCELLO consideran de gran relevancia o establecemento dunha colaboración duradeira no marco do SMARTIAGO que permita aportar maior valor e sinerxías no desenvolvemento de actividades de I+D+i para retos relacionados cun municipio Patrimonio da Humanidade

En base a estas razóns, as partes asinan o presente Convenio de Colaboración, que se concreta nas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO**

O obxecto deste Convenio é o establecemento dun marco de colaboración entre a USC e o CONCELLO que potencie o desenvolvemento dos obxectivos da iniciativa SMARTIAGO (en adiante SMARTIAGO), resolución de retos de sostibilidade e mellora da eficiencia en prestación de servizos públicos de recollida e tratamento de residuos, limpeza viaria, mobilidade e iluminación pública a nivel local mediante contratación pública de innovación.

### **SEGUNDA.- OBXECTIVOS DA COLABORACIÓN**

As condicións deste Convenio de Colaboración, sen prexuízo de que o mesmo poida ser modificado posteriormente incluíndo outros ámbitos e áreas que sexan de interese para as institucións asinantes, serán de aplicación para a consecución dos seguintes obxectivos estratéxicos:

1. Promover iniciativas en materia de I+D+i que favorezan e contribúan ao SMARTIAGO e a execución de proxectos comúns e de interese mutuo.
2. Colaborar na identificación de retos tecnolóxicos de interese no eido do SMARTIAGO.
3. Colaborar na identificación de oportunidades de financiación no eido de convocatorias nacionais e internacionais que contribúan ao cumprimento dos obxectivos do SMARTIAGO.
4. Diseñar e xestionar actuacións conxuntas no eido dos obxectivos do SMARTIAGO.
5. Cantos outros se consideren de interese mutuo, dentro das disponibilidades das Institucións e das actividades que constitúen o obxecto do presente Convenio.

#### TERCEIRA.- CONVENIOS ESPECÍFICOS

As actividades e proxectos concretos que se realicen entre a USC e o CONCELLO para o desenvolvemento deste Convenio de Colaboración e que así o requiran deberán regulamentarse ben mediante Convenios Específicos nos que se definirán as normas e condicións de execución, ou ben a través das normas e condicións que establezan as organizacións e/ou entidades financiadoras indicadas na cláusula anterior.

Os Convenios Específicos deberán definir aspectos tales como Obxectivos do mesmo; Descrición das actividades; Orzamento total e recursos humanos e materiais necesarios para o seu desenvolvemento especificando, de ser o caso, a contribución de cada institución; Condicións para a súa coordinación e seguimento; Responsables da actividade de cada institución; e Condicións específicas sobre confidencialidade da información e de propiedade, explotación e publicación dos resultados conxuntos.

#### CUARTA.- COORDINACIÓN E SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN

A efectos do seguimento específico do presente Convenio constituirase unha Comisión Mixta paritaria integrada, por parte do CONCELLO, por Xan Duro Fernández, Concelleiro de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, e Jesús Rodríguez, Xefe de Servizo de Informática e Innovación. Por parte da USC, polo Vicerreitor de Investigación e Innovación e o Director da Área de Xestión e Valorización de I+D. A *Comisión Mixta* ditará as súas normas internas de funcionamento, e reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, alomenos unha vez ao ano.

Á *Comisión Mixta* correspóndenlle, entroutras, as seguintes funcións:

- Realizar o seguimento do presente Convenio e daqueles Convenios Específicos que se subscriban, así como aclarar e decidir sobre cantas dúbidas poidan xurdir na súa interpretación e execución.

- Definir a necesidade e tipo de Convenios Específicos para a consecución dos obxectivos e colaboración establecidos na cláusula segunda do presente Convenio.
- Propor novas posibilidades de colaboración en temas de interese común así como aquelas modificacións, cambios ou addendas ao presente Convenio
- Elevar as propostas que elabore aos órganos competentes da institución correspondente.

Para facilitar o traballo da *Comisión Mixta*, cada unha das partes designará de entre o seu persoal un *Interlocutor* que se encargará de promover e supervisar a execución do presente Convenio en cada institución. Ademais, os *Interlocutores* prepararán, a instancias da *Comisión Mixta*, os Convenios Específicos citados no parágrafo anterior co asesoramento e asistencia das oficinas ou servizos da institución correspondente.

#### QUINTA.- FINANCIAMENTO

Este Convenio de Colaboración non supón ningún tipo de obriga financeira para as institucións asinantes e tampouco ningunha das institucións ten a obriga de crear ningún tipo de reserva ou fondo para ningunha carga financeira relacionada co mesmo.

As repercusións económicas que poidan derivarse da execución das accións froito deste Convenio serán analizadas pola *Comisión Mixta*. Calquera financiamento que excepcionalmente deba ser achegado polas institucións asinantes será aquel indicado nos Convenios Específicos que se subscriban entre as partes e estará suxeita á súa aprobación polos órganos competentes de cada institución.

#### SEXTA.- CONDICIÓN XERAIS SOBRE CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN

A USC e o CONCELLO manterán confidencial e en estrito segredo calquera Información pertencente á outra parte (en diante, *Información*) á que puideran ter acceso no desenvolvemento do presente Convenio e evitarán a súa difusión a calquera, agás aos seus empregados, e unicamente no marco do obxecto deste Convenio.

As obrigas de confidencialidade contraídas no presente Convenio cesarán cando se poida demostrar clara e convincentemente, mediante evidencia escrita, que esta *Información* (i) se fai de dominio público, ou que, (ii) era coñecida con anterioridade á súa revelación, ou que, (iii) foi revelada por un terceiro que non ten ningún compromiso ou obriga de secreto ou confidencialidade, ou que, (iv) é requirida polas Autoridades, e neste caso deberá notificarse inmediatamente esta circunstancia ás outras institucións, e revelarse unicamente aquela *Información* que sexa requirida legalmente, aportando garantías de que á mesma recibirá un tratamento confidencial.

A institucións asinantes poderán publicar o difundir publicamente certa *Información* previa revisión e aprobación pola *Comisión Mixta*. En calquera publicación ou presentación, as Institucións recoñecerán explicitamente a colaboración no marco do presente Convenio.

#### SÉTIMA.- ENTRADA EN VIGOR, DURACIÓN E RENOVACIÓN

Este Convenio de Colaboración entrará en vigor dende a data da súa sinatura e a súa vixencia será de catro (4) anos.

O mesmo poderá ser renovado por períodos sucesivos de dous (2) anos por acordo mutuo das partes, que se considerará automático se ningunha das institucións notifica o contrario.

#### OITAVA.- RESOLUCIÓN E OBRIGAS

O presente Convenio poderá resolverse anticipadamente por algunha das seguintes causas:

- Resolución unilateral dunha das institucións previa notificación por escrito cunha antelación de tres (3) meses antes da data de finalización.
- Imposibilidade sobrevida do cumprimento das actividades descritas.
- Resolución, instada por escrito por una das institucións ante o incumprimento da/s outra/s. No caso de que algunha das institucións incumpra algunha das obrigas indicadas no presente Convenio, as outras poderán notificar á institución infractora sobre o incumprimento solicitando a súa solución nun tempo razoable que se indicará na referida notificación. Se a/s institución/s infractora/s non remedia/n a falta correctamente no prazo establecido, a/s outra/s institución/s poderá/n resolver o presente Convenio.

As obrigas sobre confidencialidade e segredo indicadas neste Convenio así como as correspondentes aos Convenios específicos vixentes subsistirán tras a finalización ou resolución dos mesmos, mentres non se indique o contrario.

Tras a Finalización ou Resolución deste Acordo, calquera institución poderá, polo motivo que sexa, e previa petición por escrito, reclamar á outra a rápida devolución ou destrución de calquera información confidencial ou material entregados con anterioridade sen que poidan quedar copias da mesma, xa estean en forma escrita ou en calquera outra forma tanxible, agás unha copia escrita de aquela información que a institución receptora deba manter atendendo ao cumprimento de aspectos legais e unicamente a efectos de rexistro.

#### NOVENA.- NOTIFICACIÓNS

Todas as notificacións en relación a este Convenio serán por escrito e dirixidas aos *Interlocutores* referidos na cláusula cuarta anterior, que deberán ser designados por cada unha das institucións asinantes no prazo máximo de 1 mes a partir desta sinatura.

#### DÉCIMA.- NATUREZA E XURISDICIÓN

O presente Convenio é de natureza administrativa e seralle de aplicación a lexislación española.

As institucións asinantes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio a través da *Comisión Mixta*.

No seu caso, as institucións asinantes someterán as diverxencias que se puideran presentar en orde á interpretación ou cumprimento do presente Convenio á xurisdición Contencioso-Administrativa, dado o carácter público das mesmas.


E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.

Pola USC



D. Antonio López Díaz  
Reitor

Polo CONCELLO



Dna. Martiño Noriega Sánchez  
Alcalde